


UNIDADES DIDÁCTICAS DE ENSINO PRIMARIO
CULTURA E TRADICIÓNS DE GALICIA

CADERNO Nº 1

OS HÓRREOS




RAMÓN PICO

OS HÓRREOS

Dentro da paisaxe de Galicia o hórreo é a construción popular máis típica de todas. Poucas casas de labranza hai nos campos galegos que non teña polo menos un hórreo.

Como di Castelao, *“o hórreo galego é unha construción equilibrada e harmoniosa, que forma parte das casas labregas e serve para secar e conserva-los froitos da colleita anual... non é simplemente un graneiro; é unha hucha sagrada que garda o pan de todo o ano”*



Hórreo de Carnota, xunto co de Lira, o máis longo de Galicia. Ten uns 35 metros de longo, 2 escasos de ancho e 3 de alto sen a cruz.

PEQUENA HISTORIA DOS HÓRREOS

Os hórreos pénsase que xa existían en Galicia dende hai máis de dous mil anos. Temos descrições de hórreos feitas por escritores romanos, antes da era cristiana (chamábanlles “granaria sublimia”; ou sexa, “graneiro elevado”). Despois dos romanos viñeron a Galicia os suevos, hai uns mil cincocentos anos e, posiblemente, a eles se lles debe a forma actual. Eran pequenos, de madeira, e utilizábanse como graneiros dos distintos cereais, como o centeo, o trigo e o millo miúdo ou paínzo.

Pero é a partir do descubrimento de América cando cobra máis importancia, pois a finais do século XVI ou principios do XVII comézase a cultiva-lo millo traído deste continente, que vai desprazar ós demais cereais e pasará a se-lo máis importante na alimentación das persoas e do gando.

Os hórreos serán non só o almacén do gran, senón tamén onde se cure e seque o millo, por eso foi necesario adapta-los vellos graneiros a esta nova función: fixéronse máis grandes, máis altos e mellor ventilados. Pouco máis adiante comézase a facer, en parte ou totalmente, de pedra.

Nos séculos XVIII e XIX construíranse moitos hórreos, a maioría dos que existen actualmente, sendo os mellores e máis grandes os que eran propiedade da Igrexa.



A primeira representación gráfica dos hórreos galegos aparece nas Cantigas de Afonso X O Sabio, do século XIII.

O HÓRREO TÍPICO DE GALICIA


Aínda que hai moitísimas formas e variantes segundo as zonas, o hórreo tipicamente galego é o de base rectangular.

O nome máis estendido é o de *hórreo*, pero segundo a zona tamén pode recibi-lo nome de *cabazo*, *canastro*, *celeiro*, *cabana*, *canizo*, *piorno*...

Como xa vimos, os hórreos son graneiros especializados no secado e conservación do millo; necesitan ter unha boa ventilación, protección contra a humidade e contra os roedores e as aves.

Por eso os hórreos galegos están normalmente situados en zonas altas onde reciben os ventos dominantes, aínda que poden atoparse en calquera zona, pero sempre preto da eira e da casa.

PARTES DO HÓRREO:



A SOLEIRA.-

É a base sobre a que se constrúe o hórreo. Se o terreo é firme dabondo, non cómpre construíla.

OS SOPORTES OU PÉS.-

Poden ser de tres tipos: *esteos*, *cepas* e *celeiros*.

Os pés en forma de *esteo*, tamén chamados *pés dereitos* ou *columnas*, serven de soporte e, ó mesmo tempo, aíllan da humidade do chan. Normalmente son de granito e miden sobre un metro, máis ou menos.

Como mínimo son catro, pero hai hórreos que chegan a ter máis de corenta.




As *cepas* son como pequenos muros do ancho do hórreo, e poden facerse dunha soa peza de pedra ou, onde non hai pedras tan grandes, facer estes muros con pedras máis pequenas.

O número de *cepas* como mínimo é de dúas, pero poden ser máis.

Os *celeiros*, abundantes só polo norte de Galicia, consisten en catro muros que pechan o espacio inferior do hórreo, quedando así outra dependencia onde se gardan patacas, leña e outros productos.

OS TORNARRATOS

Póñense entre os soportes e a cámara, para que non suban os ratos. Adoitan ser de pedra, redondos cando van sobre *esteos*; rectangulares cando van sobre *cepas* e corridos ó longo do corpo da cámara cando van sobre *celeiros*. Tamén se chaman *rateiras*, *rodas*, *lousas*, *moas*...



A CÁMARA

É o elemento central do hórreo. Aséntase sobre os tornarratos.


A súa base, formada por catro vigas de madeira ou de pedra, é a *grade*. As pezas longas chámanse *trabes* e as curtas *cabezas*.

Sobre a grade ponse o corpo da cámara, que pode ser de pedra todo, de madeira todo, ou mixtos, de pedra e madeira. As paredes laterais chámanse *costais* e as frontais son as *penais*. Nestas paredes sempre aparecen as aberturas para a ventilación. Se son de madeira, as aberturas adoitan ser verticais. Se son de pedra, poden ser horizontais ou verticais.

O piso vai sobre a grade. A porta pode estar nunha cabeceira ou nun lateral.

O acceso á cámara realízase mediante unhas escaleiras de pedra, separadas suficientemente para que non entren os ratos, ou por unha escaleira de man.

Na parte superior, outras vigas chamadas *padieiras* polos lados e *pinches* polas cabeceiras pechan a cámara.



Hórreo de madeira con balcón, típico da Terra Chá

A CUBERTA


Padieiras e pinches serven de soporte ó tellado, a *dúas augas*, ou nalgúns casos a *catro augas*. A cuberta pode estar feita de tellas, de lousas de pizarra ou, incluso, de granito. Forma un voadizo máis ou menos grande para protexe-las paredes da chuva.

ELEMENTOS DECORATIVOS

O hórreo é como un pequeno templo, pois nel gárdase o cereal co que se fará o pan, e o pan é sagrado para o campesino.


Non é raro que a construción do hórreo sexa máis coidada que a da propia casa, con máis elementos decorativos.

Os elementos decorativos máis importantes están no tellado. Non falta a cruz, que fai do hórreo un lugar sagrado, na cabeceira principal e, na outra cabeceira, pode aparecer un remate en forma de pirámide chamado *bico*.



Hórreo de cantería, na vila de Combarro, Pontevedra.

Tamén poden aparecer outros elementos decorativos como adornos florais, remates en forma de campanario, símbolos, data de construción...



OUTROS TIPOS DE HÓRREOS


Ademais dos tipicamente galegos, de planta rectangular, hai tamén outros tipos de hórreos en Galicia. Os máis importantes son: o *cabazo* e o *cajado* ou *asturiano*.

O *cabazo* é o tipo de hórreo máis primitivo. Cada vez abonda menos, e xa só podemos velos pola zona central de Galicia.

De forma redondeada, está feito de pólas ou varas de vimbio entretécidas, que lle dan un aspecto de cesto. A súa base é de madeira, e aséntase sobre catro pés feitos de pedra ou de troncos de árbore.




O tellado é de *colmo* (palla de centeo ou de xesta) de forma cónica. Para abrilo adoita ter unha pequena porta, pero tamén se pode abrir por debaixo ou quitándolle o tellado.



Hai unha variante chamada *cabaceiro* que, en lugar de ser cadrado, é rectangular e máis grande.

O hórreo de tipo *asturiano* aparece nas zonas altas e montañosas do leste de Galicia. Chámase así porque é de forma cadrada, como os de Asturias.



Horreo de tipo asturiano en Piornedo, no Cebreiro

O hórreo de tipo asturiano non é unha construción especializada no secado do millo. Úsase para garda nel as carnes, queixos, herba e cereais.

O secado das mazarocas de millo en lugar de facerse dentro, como é o normal, faise poñéndoas ó sol colgadas en restras dende as amplas cornisas do hórreo.

Está feito case todo de madeira, incluso os pés.


O tellado, como o dos cabazos, é de *colmo*, de forma case cónica; pero pode ser tamén de lousas de pizarra, a catro augas.

A diferenza dos hórreos de Asturias, os galegos non teñen unha galería todo ó redor.

FORMA E MATERIAIS SEGUNDO A ZONA

En cada zona de Galicia os hórreos teñen unha forma característica e están feitos cun determinado tipo de materiais, que son os que máis abundan nese lugar.

Nas zonas onde abonda a pedra granítica, serán de granito; se hai pouca pedra, serán de madeira, ou de pedra e madeira.



Hórreo de madeira en Mariñán, Bergondo (A Coruña)

Dependendo dos materiais con que esté feita a cámara, temos hórreos de pedra, de madeira e mixtos.


Os de granito, se a pedra está moi traballada, son de *cantería*, e se está pouco traballada, de *perpiaño*. Tamén hai hórreos doutros tipos de pedra, como lousa ou xisto, sen labrar: os de *cachotería*.

Podemos atopar hórreos feitos en gran parte de ladrillo, os de *albanelería*.

Temos que ter en conta que por ser unha construción de tipo popular, hai moitísimas variantes na forma e nos materiais: uns son máis anchos, outros máis alongados, outros moi altos...


Hórreo de albanelería típico da zona de Laracha, en Bergantiños.

Son moi anchos e teñen por unha parede penal unha porta e pola outra, unha fiestra.




Hórreo de pedra, de *perpiaño*, típico da zona entre Bergantiños e a costa da Morte. Alí chámanlles *cabazos*.

HÓRREOS SOBRE CELEIROS




Hórreo en Ordes,
(A Coruña).
De ladrillos recebados
e madeira




Hórreo en Suevos,
(A Coruña).
O celeiro é de pedra,
recebado, e a cámara
de cachotería.

OUTROS HÓRREOS



Hórreo típico da Mariña lucense (ó norte de Lugo).

Moi característico o seu tellado a catro augas e cheo de terminais en punta




Hórreo mixto, coa porta no medio da parede costal (lateral), formando como outra parede penal (frontal).

Podémolo ver en varias zonas costeiras da provincia de Pontevedra


AGRUPACIÓNS DE HÓRREOS

Nalgúns lugares os hórreos aparecen agrupados. Isto normalmente débese a que as casas da aldea están moi xuntas entre si e os veciños buscan un lugar cercano e ventilado para poñer xuntos os seus hórreos.

Hai famosas agrupacións, como a de Combarro, que tanto aparece en postais, cadros e incluso películas de cine.




Grupo de hórreos en Combarro (Pontevedra)




Grupo de hórreos en Amoeiro (Ourense)

DISTRIBUCIÓN DOS DISTINTOS TIPOS DE HÓRREOS



SOPORTES



TIPOS DE TELLADO



MATERIAIS (da cámara)



ACTIVIDADES

NA AULA

A.- Responde ás seguintes cuestións:

1.-¿Que outros nomes reciben os hórreos?

.....

2.-¿De que época son os hórreos máis antigos que se coñecen?.....

.....

3.-¿Como eran os hórreos na época en que estaban en Galicia os suevos?

.....

¿Que se gardaba neles?.....

4.-A partir do século XVII prodúcese un cambio no uso dos hórreos. ¿En que consistiu?.....

.....

5.-¿Cando se comezou a usa-la pedra nos hórreos?

6.-¿Que tres tipos de hórreos hai en Galicia?

.....

¿Cal é o máis característico?

¿Cal che parece o máis antigo?

7.-¿Que materias se usan habitualmente para construí-los hórreos?

.....

8.- ¿Que elementos decorativos aparecen case sempre no tellado?

.....

9.-¿Para que serven os "tornarratos"?

.....

10.-¿Que é o "colmo"?

11.-¿En que se diferencia o hórreo galego de tipo asturiano dos que hai en Asturias?.....

12.-Enumera as partes principais dos hórreos

.....

B.- Une con frechas os nomes da esquerda coa parte do hórreo onde se atopa:

Esteos
grade

SOPORTE

cepa
soleira

CÁMARA

tornarratos
costais e penais








crúz

padieiras

TELLADO

bico

C.- Sobre este mapa de Galicia pon unha frecha indicando de onde pode ser cada tipo de hórreo:



FÓRA DA AULA

Seguro que preto de onde vives hai máis dun hórreo. Este traballo consiste en cubrir esta ficha cos datos que obteñas visitando un hórreo ó que poidas acceder con facilidade.

Alumno: Nivel:
Colexio: Data: / /

FICHA SOBRE UN HÓRREO

SITUACIÓN: Lugar..... Parroquia: Concello:

É un hórreo de planta (rectang., cadrada...):

Materiais empregados na súa construción:

Aquí a este tipo de construción chámanlle:

Antigüidade aproximada (preguntalle ós donos):

Estado de conservación:

¿Ten inscricións? Se as ten, ¿que poñen?

Actualmente úsase para:

Antigamente usábase para:

Debuxa aquí unha vista xeral do hórreo:

ESTUDIO DA FORMA

Se ten soleira, describe como é:

SOPORTES

Vai illado do chan por (esteos, cepas...):

Número de pezas: Material: Forma:

Altura media: Se é celeiro, úsase para:

Forma dos tornarratos: Número deles:

Material de que están feitos Medidas:

CÁMARA

Medidas exteriores: Longo: Ancho: Alto:

Materiais:

Das trabes que forman a grade:

Das columnas, se as ten:

Das paredes costais:

Das paredes penais:

Do piso:

Da porta:

A porta está situada en:

.....

Tipo de ventilación:

.....

Forma de acceso á porta da cámara:

.....

TELLADO

Está feito de: Número de augas:

Ten un voadizo de cm. sobre as paredes penais e de cm. sobre as paredes costais.

DECORACIÓN

No tellado ten:

.....

Noutros lugares:.....

.....

.....

Debuxa con detalle:

Un soporte (pé, cepa...)

A porta da cámara

As escaleiras de acceso

Unha parede penal da cámara:

Unha parede costal da cámara:

Tódolos elementos decorativos que poidas:

ENQUISA

Esta enquisa é para facer, por equipos, en tódolos lugares dunha parroquia rural, investigando, preguntándolle á xente, anotando...

(Cando sexa o caso, rodea a resposta correcta)

- 1.-¿Existen hórreos en tódolos lugares da parroquia? SI NON
Lugares onde non hai:
- Razóns: Non se cultiva o millo Sécase doutro xeito Outra
- 2.-¿Son todos do mesmo tipo e cos mesmos materiais? SI NON
- 3.- O tipo que predomina é:
REDONDO (CABAZO) CADRADO (ASTURIANO) TÍPICO (RECTANGULAR)
- 4.-¿Cal é o material máis empregado ?
A/ Nos soportes
B/ Na cámara
C/ No tellado
- 5.-¿Que tipo de soportes predominan?
ESTEOS CEPAS CELEIROS
- 6.-¿Como é o teito que máis abonda?
A DÚAS AUGAS A CATRO AUGAS
- 7.-¿Cal é a forma de acceso máis normal?
ESCALEIRAS DE PEDRA ESCALEIRAS DE MAN
- 8.-¿Como se dispón o sistema de ventilación? (Os balagustos)
VERTICALMENTE HORIZONTALMENTE
- 9.-¿Hai algún hórreo notable, destacado sobre os demais, na parroquia?
NON Si, o de
- 10.-¿Cantos hórreos calculades que hai en toda a parroquia?